

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

O multilingüismo defínese como a característica do individuo ou da poboación que domina varias linguas. Aínda que hai quen diferencia entre multilingüismo para referirse aos pobos e plurilingüismo para os individuos. Unha das maiores riquezas que temos os seres humanos é a posibilidade de comunicármonos entre nós. Dende as orixes xa existe o multilingüismo, de maneira que cada grupo de seres humanos iría desenvolvendo a súa lingua e de aí xurdirían as demais a causa do dialectalismo e a dispersión xeográfica dos pobos.

No mundo existen cerca de sete mil linguas vivas catalogadas, e aproximadamente 200 estados recoñecidos pola ONU, así que é evidente que a diversidade lingüística é un feito e o multilingüismo é unha característica presente en practicamente todos os estados.

Dentro desta diversidade, as linguas poden ser agrupadas en familias atendendo á súa orixe, é o que chamamos **familia lingüística**, un conxunto de linguas emparentadas entre si e cunha orixe común. Existen moitas familias lingüísticas, das cales destaca a indoeuropea. É a meirande do mundo, pois abrangue case todas as linguas de Europa, América e unha parte importante de Asia. Procede do **indoeuropeo**, unha lingua falada por tribos que habitaban as estepas entre o norte do Cáucaso e o norte do mar Caspio arredor do quinto milenio antes de Cristo. As linguas pertencentes a esta familia son faladas case pola metade da poboación mundial. A ela pertencen as linguas románicas (entre as que está o galego), os dous grandes idiomas do mundo clásico (latín e grego), as linguas xermánicas (inglés, alemán...), as eslavas (ruso, polaco...), etc.. Á familia indoeuropea séguena de lonxe a familia altaica e a afroasiática.

Tamén hai linguas, como o éuscaro (en Europa), o ainú (en Asia) ou o kootenai (en América) que non puideron ser relacionadas con ningunha familia lingüística e que parecen atoparse illadas.

Da gran cantidade de linguas faladas hoxe no mundo, as que contan cun maior número de falantes son: inglés (1,13 millóns) chinés mandarín (1,11), hindi (615), español (534), francés (280), árabe (274), bengalí (265), ruso (258), portugués (234), indonesio (199), urdu (170), alemán estándar (132) e xaponés (128). (Datos de *Volta ao mundo.pt* e <https://blog.lingoda.com/es/lenguas-mas-habladas-en-el-mundo>).

Esta enorme diversidade de linguas correspóndese cunha grande variedade de situacións nas que poden atoparse dende un punto de vista xeográfico e político. Así, existen linguas con estado (francés en Francia) e linguas sen estado (galego), linguas que son oficiais en máis dun estado (portugués), estados constitucionalmente plurilingües (Bélxica) ou bilingües (Finlandia), estados con monolingüismo ficticio (non recoñecen as linguas faladas no seu territorio distintas da oficial, como Grecia). Tamén hai algúns estados, moi poucos, con monolingüismo real (Islandia, O Vaticano, san Marino e Liechtenstein).

Son razóns de carácter histórico as que motivan a existencia de máis dun idioma nun mesmo territorio, situación que, como xa dixemos, é a máis habitual. Procesos de expansión e de unificación política, presión cultural e económica ou movementos migratorios son as causas que dan lugar ao multilingüismo. Nestas circunstancias de convivencia de dúas ou máis linguas nun mesmo territorio orixínase normalmente un **conflicto lingüístico**, pois ambas compiten por desempeñar todas as funcións posibles. As linguas teñen todas o mesmo valor, pero outórganselles status distintos atendendo a cuestións extralingüísticas. Ás veces teñen que ver co número de falantes, pero non é ese o único factor que determina a situación dunha lingua en cada momento da historia. Por exemplo, o francés foi en tempos lingua da diplomacia entre os ingleses; o galego, lingua literaria das cortes castelás; o italiano, lingua da ópera en Viena...

Atendendo a ese estatus condicionado por factores políticos e económicos, cómpre puntualizar varios conceptos sociolingüísticos que nos axuden a entender a coexistencia das linguas:

- **Linguas hexemónicas:**

Son as que gozan dun gran prestixio social, determinado pola existencia dun poder político-económico que as potencia. Cantas máis funcións matrices cumpra unha lingua (é dicir, que se empregue na industria, na educación, na política, no comercio...), maior prestixio social acada. Un exemplo de lingua hexemónica hoxe é o inglés; hai pouco tempo érao o ruso nos países de Europa do Leste. O ruso aínda é a lingua máis falada hoxe en Europa, xa que conta con 120 millóns de falantes, pero pola súa condición social e económica xa non se considera lingua estratéxica no ámbito económico.

En definitiva, a condición de lingua hexemónica cambia ao longo da historia.

- **Linguas minoritarias:**

Son as usadas por comunidades lingüísticas pequenas en número. Independentemente da consideración social que teñan, posúen comparativamente un pequeno número de falantes (ex. o maltés en Malta ou o italiano en Suíza).

Malta é unha illa mediterránea, de territorio cativo, que posúe un número pequeno de habitantes; como os falantes de maltés son relativamente poucos, dicimos que é unha lingua minoritaria. O mesmo se aplica ao italiano en Suíza, por exemplo.

- **Linguas minorizadas:**

Son aquelas que, sendo historicamente propias dun pobo, están sometidas a condicións sociais tales que ven restrinxidas as súas funcións de uso. É dicir, a súa presenza social (por exemplo, nos medios de comunicación) é menor da porcentaxe que lle correspondería polo número de falantes. Este sería o caso do galego, por exemplo, pero non o do italiano en Suíza, onde é unha lingua minoritaria, pero normalizada.

O factor básico desencadeante da minorización dunha lingua é a competencia desigual cunha ou varias linguas alleas de maior prestixio. A lingua débil desa convivencia desequilibrada está sometida a condicións sociopolíticas que restrinxen os seus usos e funcións (ten menor ou nula presenza na escola, nos medios de comunicación, nos ámbitos "cultos"): fábase entón de lingua minorizada. É dicir, a lingua dominante ou hexemónica é aquela que por diversos factores (políticos, culturais, económicos...) se impón fóra do territorio que lle é propio. É o caso de linguas como o castelán, o francés, o inglés, o ruso... E a lingua minorizada é a autóctona dunha zona, que retrocede nos diferentes ámbitos de uso, baixo a presión dunha lingua dominante que se introduce dentro do seu territorio xeográfico, quedando marxinada socialmente e nun status inferior. É o caso do galego, bretón, manxés, español en Puerto Rico... Ese retroceso vai asociado á aparición dos **prexuízos lingüísticos**, xuízos de valor sobre unha lingua e os seus falantes. Os romanos e os gregos falaban, por exemplo, de pobos "bárbaros" e, polo tanto, inferiores para referirse aos que non falaban latín ou grego, linguas do imperio. Transmite a idea de que a lingua minorizada (o galego, no noso caso) non é tan válida para o desenvolvemento como a hexemónica, polo que non ten futuro.

Ao falarmos de linguas minorizadas deberemos ter en conta dous aspectos:

a) A non existencia dun estado que as recoñeza como oficiais. Normalmente, as linguas minorizadas son linguas sen estado. Excepcións a esta norma en Europa son o maltés, o luxemburgués e o gaélico irlandés, linguas que, aínda sendo oficiais dos correspondentes estados (Malta, Luxemburgo e república de Irlanda, respectivamente), atópanse nunha situación de minorización.

b) A non coincidencia de fronteiras políticas e fronteiras lingüísticas. As fronteiras políticas foron establecidas de maneira artificial (mediante tratados, a través de concesións, por herdanza...), mentres que as lingüísticas (isoglosas) responden a criterios de formación naturais e históricos; por iso é raro que as fronteiras políticas e lingüísticas dun país coincidan

(ex. o denominado galego "exterior"). Así, unha mesma lingua pode ter un status moi diferente en diversos territorios debido a que as fronteiras políticas e lingüísticas non coinciden. O alemán pode ser considerada unha lingua minorizada nos vales alpinos de Italia, onde ten un status ben distinto do que ten en Alemaña, en Austria ou en Suíza. Esta falta de coincidencia de fronteiras provoca diferenzas no recoñecemento legal das linguas. Por exemplo o maxiar é unha lingua minorizada entre os húngaros de Transilvania (Romanía), pero é a lingua oficial do veciño estado de Hungría.

Pese ás enormes diferenzas que existan entre as distintas linguas minorizadas, en xeral a situación destas linguas é preocupante; algunhas, coma o córnico ou manxés, xa non posúen falantes, aínda que se están tentando recuperar; outras, coma o lapón, case non chegan a 30.000. Na meirande parte dos casos, os estados néganlles o seu status de lingua, simplemente son ignoradas, ou mesmo hai un certo obstrucionismo para o seu desenvolvemento. Así e todo, a actitude dos diferentes estados é diversa e vai desde o recoñecemento – coma no caso de España, onde o galego, o catalán e o éuscara están recoñecidos legalmente na Constitución e son linguas cooficiais nas respectivas Comunidades Autónomas, xunto co castelán- até un certo obstrucionismo – como é o caso francés, onde a política centralista levada a cabo polo Estado provocou que as linguas non oficiais do seu territorio (coma son o alsaciano, o éuscara, o bretón, o occitano ou o corso) se atopen nunha situación realmente difícil para poder subsistir. Nun momento no que as comunidades lingüísticas maiores optan por manter o seu propio idioma fronte á globalización, non debería sorprendernos que as comunidades lingüísticas menores (minorizadas e/ou minoritarias) aspiren ó mesmo obxectivo.

Como vemos, o número de falantes non é o único factor que determina a situación dunha lingua. Por outra banda, trátase dunha cuestión de perspectiva: o galego é unha lingua minoritaria? Pois depende de con cal a comparemos. Abonde saber que pertence ao selecto grupo do 5% de linguas do mundo que contan con máis dun millón de falantes!

- **Diglosia:**

Consiste na desigual repartición entre os usos das linguas presentes nun territorio, de xeito que cada unha cumpre funcións distintas e emprégase en diferentes situacións. En Galicia, por exemplo, a diglosia atende a tres factores:

-Os ámbitos sociais de uso: utilízase o galego para as funcións de menor prestixio social (informais, familiares...) e o castelán para as de maior prestixio (comercio, medios de comunicación...).

-Os espazos xeográficos: o galego está asociado aos ámbitos rurais e o castelán, aos urbanos.

-Os interlocutores: a menor familiaridade cos interlocutores, máis presenza do castelán e viceversa. A maior estatus social do interlocutor, maior presenza do castelán e viceversa.

As situacións de conflito lingüístico poden materse durante séculos, pero só teñen dúas posibles saídas: o **uniformismo lingüístico** e o **ecoloxismo lingüístico**. O primeiro consiste na utilización dun só idioma para todas as funcións, pois considera a diversidade lingüística un obstáculo para o progreso da sociedade. A lingua dominante acaba por desprazar á minorizada. O ecoloxismo lingüístico, en cambio, baséase en que cada comunidade lingüística manteña e promova a súa lingua, tendo un segundo idioma para relacións con outras sociedades lingüisticamente diferentes.

- **Normalización lingüística:**

É o proceso tendente a frear a perda de falantes que sofren as linguas minorizadas. A normalización dunha lingua supón a recuperación do seu estatus de lingua “normal”, é dicir, de lingua cuxo uso oral e escrito sexa natural e espontáneo en calquera das situacións que se poden producir na vida pública e persoal dos seus falantes.

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA NA PENÍNSULA IBÉRICA

Preto do 40% da poboación española vive en zonas con dobre oficialidade –o castelán e mais unha lingua propia cooficial– e, como mínimo, o 20% emprega decote unha lingua diferente do castelán. Isto é así porque en España hai un só estado, pero fálanse sete linguas (galego, asturiano, castelán, aranés, aragonés, catalán e éuscaro), ademais de varios dialectos. Todos estes idiomas, agás o éuscaro, son linguas románicas. Mais, legalmente, a súa situación é ben diferente: o castelán é a lingua oficial do estado que todos os españois teñen o dereito e o deber de coñecer. As outras seis, historicamente propias dos seus territorios, son -ou foron- sometidas nalgún momento á hexemonía doutra lingua que as despraza. Catro delas son oficiais nos seus respectivos territorios e gozan de protección (galego, vasco, catalán, aranés) mais non existe o deber de coñecelas, só o dereito de coñecelas e usalas. O asturiano e o aragonés están recoñecidas como linguas, pero non como linguas oficiais, malia que gozan de certa protección. Todas, agás o castelán, son linguas minorizadas, e a pesar da súa presenza na vida política, cultural e social, deben corrixir o seu estado de linguas minorizadas para garantir o seu futuro. Os dialectos, como murciano, andaluz, canario..., non teñen recoñecemento como linguas.

- Asturiano/ Mirandés: Procede do antigo astur-leonés. Fálano máis de 300 000 persoas en Asturias, en Castela e León e en Miranda do Douro (Portugal), onde recibe o nome de mirandés. O mirandés é recoñecido como lingua oficial en Portugal, mentres que o asturiano non ten este recoñecemento en Asturias. Conta cunha Academia da Lingua Asturiana e ten algunha presenza na escola. É unha lingua románica e actualmente sofre unha situación de minorización.
- Aragonés: Procede do antigo navarro-aragonés e conserva preto de 30 000 falantes no norte de Aragón. Aínda que o Estatuto de Autonomía propugna a protección do aragonés, este non é considerado lingua oficial.
- Aranés: É unha variedade do occitano falada por máis de 4 000 persoas no Val de Arán (Lleida). Esta lingua está recoñecida de xeito oficial polo Estatuto de Autonomía de Cataluña ó carón do castelán e do catalán.
- Castelán: É lingua oficial do Estado español; fálase en diversos países de América e nos territorios africanos de colonización española. Conta aproximadamente con 300 millóns de falantes. O andaluz, o canario, o extremeño, o murciano... son variantes xeográficas do castelán (dialectos).
- Catalán: Fálano máis de 8 millóns de persoas e localízase en Cataluña (5 millóns), na franxa oriental de Aragón (“Franxa de Ponent”, 50.000), en Andorra, nas Illas Baleares (500.000), na Comunidade Valenciana –onde se denomina valenciá- (2.500.000), no Rosellón francés e na cidade de Alguer (na Sardeña). Hoxe, coma o galego e o éuscaro, está en proceso de normalización, impulsado activamente pola Generalitat de Catalunya.
- Éuscaro (ou vasco). É a única lingua non románica da península. Fálano case un millón de persoas en áreas do Estado español (en Euskadi 600.000, en Navarra 115.000) e do francés. O Goberno vasco e a Academia da Lingua Vasca encárganse de potenciar o seu uso normalizado.

- **Galego:** O galego ten uns 2 millóns e medio de falantes. A distribución do galego é xeograficamente homoxénea, sen que existan áreas territoriais nas que non se constata o seu uso. É a lingua propia de Galicia e está en proceso de normalización. Se temos en conta que no mundo se falan actualmente máis de 6.000 linguas, o galego, pola súa condición de lingua cooficial e polo seu amplo uso social, constitúe unha lingua de tamaño medio no ámbito europeo. Os seus límites xeográficos van máis aló do territorio administrativo de Galicia, xa que tamén é falada por aproximadamente 200.000 persoas nas zonas máis occidentais de Asturias, León, Zamora e Val de Ellas (Extremadura). Ademais, e polas circunstancias históricas que explican a emigración por todo o mundo, existen áreas con ampla presenza de comunidade galega que conservaron a súa lingua como vehículo comunicativo, non só no ámbito privado, senón tamén no público, a través de publicacións periódicas, literarias ou mesmo na comunicación radiofónica dos países de acollida. Persisten amplas comunidades de falantes en cidades como Barcelona, Zúric, Montevideo ou Bos Aires. O coñecemento de máis dunha lingua supón vantaxes para chegar a aprender outras. Desde o galego non é difícil acceder ao castelán, italiano, francés, e, por suposto, ao portugués, lingua tamén da Península Ibérica que nos tende pontes cara á lusofonía.
- **Portugués.** Falado aproximadamente por 250 millóns de persoas en todo o mundo: Portugal, Brasil, Macau, Timor Oriental, Sao Tomé, Príncipe, Cabo Verde, Angola e Mozambique. Ao espazo xeográfico onde se fala portugués chámasele lusofonía. A lingua portuguesa é a máis próxima á nosa dede o punto de vista lingüístico debido á súa orixe común e ao feito de que durante moito tempo (ata o século XIV) constituíron unha única lingua (o galego-portugués) cuxa proxección cultural e política elevaron ata os máis altos cumes da creación literaria da man de mponarcas como Afonso X e Don Denís. Tempo despois da independencia de Portugal, a variedade falada ao sur do Miño convertíase no idioma oficial de Portugal (unha lingua con estado), mentres que, no norte, a influencia do castelán comezaba a deixar pegadas definitivas.

AS LINGUAS DE EUROPA

En Europa existen linguas de orixe moi diversa e de recoñecemento e usos tamén distintos. É o continente que presenta menor diversidade lingüística, pois das máis de 6.000 do mundo, en Europa hai 239, isto é, menos do 4%.

Corenta millóns de europeos falan un idioma que non é oficial. En Europa Occidental pasan de trinta as linguas de diferentes comunidades históricas que podemos considerar linguas minorizadas, sometidas á presión doutra ou doutras linguas hexemónicas ou dominantes. As máis delas son linguas sen estado, é dicir, que non representan a ningún estado (como no caso do galego, o estado é o estado español e a lingua representante na UE é o castelán); se ben non faltan exemplos de linguas que son oficiais do estado, pero que na práctica padecen a presión constante da lingua hexemónica (ex: o gaélico -en Irlanda sofre a presión do inglés-, o luxemburgués en Luxemburgo ou o maltés en Malta, que tamén ten que competir co inglés). Algunhas linguas minorizadas europeas son as seguintes: aranés, asturiano, bretón, catalán, frisón, galego, lapón, maltés, occitano, valón, éuscaro, etc.

CONCLUSIÓN

Segundo a UNESCO, un 50% das linguas está en perigo de extinción debido á globalización. Esta institución pretende concienciarnos do importante que é para o mundo conservar o seu patrimonio lingüístico. Tamén a ONU asegura que o multilingüismo promove a unidade na diversidade e no entendemento internacional, e recoñece a importancia de protexer as distintas linguas, o que equivale a protexer as diferentes culturas e promovelas.

O multilingüismo considérase hoxe un valor de mercado: comprender e falar diferentes linguas constitúe unha oportunidade no mundo laboral, tamén en Galicia.

A familia foi tradicionalmente a principal responsable da transmisión das linguas. Hoxe os medios de comunicación, a escola, a convivencia con falantes doutras linguas etc. son axentes tamén fundamentais na nosa sociedade. A lingua da casa complétase, así, co contacto con, cando menos, outra lingua. É unha oportunidade para familiarizármonos con varios idiomas desde pequenos. O coñecemento de máis dunha lingua supón contar con máis referencias para chegarmos a aprender outras.

Manter a diversidade das linguas do mundo é unha maneira de garantir a subsistencia da diversidade das culturas.

https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1444815157/contido/falo_galego/4_as_linguas_de_europa.html

Lingua e literatura 1 BAC. Ed Rodeira.

